

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 9 DE OUTUBRO DE 2015

2 a 81.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles.

Concédense os devanditos beneficios.

82.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á rexeitamento de recurso de reposición en relación á exención no imposto de circulación dun vehículo.

Acórdase rexeitar o recurso de reposición.

83.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á solicitude de subvención ao abeiro da Resolución de 20 de agosto de 2015 do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad, pola que se convoca a concesión de axudas económicas a corporacións locais para o desenvolvemento de programas de prevención de drogodependencias, con cargo ao Fondo de Bens decomisados por tráfico ilícito de drogas e outros delitos relacionados, en aplicación da Lei 17/2003, de 29 de maio.

Acórdase a solicitude de subvención para o programa de prevención de drogodependencias VERSION 2.0. A axuda solicitada ao Ministerio é de 75.600 euros (o 70% do total), mentres que o Concello deberá aportar 32.400 euros (o 30 %). De ser concedida a subvención, a actividade deberá estar realizada antes do 30 de setembro de 2016.

84.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á dación de contas de concesión de subvención pola Consellería de Traballo e Benestar ao abeiro da Orde de 12 de xuño de 2015, e para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras en risco de exclusión.

Dáse conta da subvención concedida pola Consellería de Traballo e Benestar por un importe total de 92.290,91 euros,

85.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do texto do convenio coa Agrupación Deportiva El Correo Gallego para o desenvolvemento da 38ª edición da Carreira Pedestre Popular.

Apróbase o modelo de convenio coa Agrupación Deportiva El Correo Gallego, no que se recolle unha subvención nominativa de 12.000 euros.

86.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao cambio de titularidade de axuda á rehabilitación, Fase 6ª Vista Alegre. Expediente VA-2010-92.

Apróbase o cambio de titularidade dunha axuda.

87.- Proposta da Alcaldesa en funcións relativa á aprobación do recoñecemento da obriga correspondente ao primeiro pagamento do premio do III Concurso de Proxectos de Publicidade Comercial en Galego.

Apróbase o primeiro pagamento do premio, por importe de 1.000 euros, a favor de Einsensoa S.L. A contía total do premio é de 5.000 euros e recaeu na campaña "Zapatos e outras historias", da zapatería MoKsín.

88.- Corrección de erro no acordo número 12 da sesión do 11-09-2015 relativa a amortización quilómetros do contrato "Subministro de varios vehículos e o seu mantemento, mediante arrendamento (RENTING), para o Concello de Santiago" Lote II adxudicado a Monforte,S.L.

89.- Adxudicación do expediente denominado "Prestación do servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais adscritos á xestión do Departamento Municipal de Deportes".

Acórdase adxudicar o contrato de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais á empresa Jardinería Arce S.L, por un importe de 98.997,67 euros (IVE aparte do 21%: 20.789,51 euros). Ademais, a empresa comprométese a poñer a disposición do Concello 200 m2 de rede recollebalóns.

90.- Adxudicación do expediente denominado "Roza de viais municipais - Campaña outono 2015". Acórdase adxudicar o contrato de roza de viais municipais á empresa Alcomte Galicia S.L, por un importe máximo de 59.200 euros (IVE aparte do 21%: 12.432 euros). Vanse acometer desbroces en 400 kilómetros lineais nas 21 parroquias do rural compostelán. Os traballos prolongaríanse por un prazo de mes e medio, e comezarán o vindeiro martes.

91.- Proposta da concelleira delegada de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo relativa ao expediente "autorización de vía pública para a instalación dunha pista de patinaxe sobre xeo na Alameda. Nadal 2015/2016.

Acórdase iniciar o expediente para a autorización da instalación dunha pista de patinaxe sobre xeo na Alameda durante o Nadal, co establecemento dun canon mínimo de saída á alza de 1.000 euros, mediante publicación no BOP de A Coruña e máis no perfil do contratante, por un prazo de 30 días hábiles para a presentación de proposicións. Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas.

92.- Dar conta da aprobación da documentación presentada en concepto de xustificación da subvención nominativa concedida pola Deputación de A Coruña para financiar o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2014.

93.- Dar conta da sinatura de convenios para o ano 2015 entre o Concello de Santiago de Compostela e diversas entidades/asociacións.

Dáse conta dos convenios asinados coas seguintes entidades/asociacións:

- Asociación Galega para a Axuda dos enfermos con demencia tipo alzheimer (AGADEA)
- Asociación Fonte da Virxe de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais
- Asociación Galega de Lupus-AGAL
- Centro Cultural Social Xoán XXIII-Albergue
- Asociación de persoas xordas de Santiago de Compostela
- Fundación Andrea
- Asociación de pais de persoas con discapacidade intelectual (ASPAS)
- Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple (ACEM)
- Fundación Secretariado Xitano
- Cociña Económica de Santiago
- Cáritas Diocesana de Santiago-Programa de Atención Primaria
- Cruz Vermella
- Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (FEAFES-Galicia)
- Asociación de Dano Cerebral Compostela-SARELA
- Banco de Alimentos Rías Altas
- Asociación Itinera de Voluntarios en Saúde Mental
- Centro Cultural Social Xoán XXIII-Programa Xuntos Podemos
- Fundación Monte do Gozo-Proxecto Home
- Escola de tempo libre e animación sociocultural Don Bosco
- Colexio de Avogados de Santiago de Compostela
- Cáritas Diocesana de Santiago-Programa Vagalume

94.- Dar conta da concesión ao Concello dunha subvención pola Conselleira de Traballo e Benestar, solicitada ao abeiro da Orde do 30 de marzo de 2015 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude, no ámbito da educación non formal e da participación durante o ano 2015 e se procede a súa convocatoria.

Dáse conta da concesión dunha subvención por importe de 2.533,87 euros por varios programas da concellería de Xuventude.